

**SESIÓN ORDINARIA CONXUNTA DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES DO DÍA 23  
DE OUTUBRO DE 2007**

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e tres de outubro de 2007, reúnense simultaneamente nun mesmo acto, tal e como establece o artigo 134.1 alínea 4ª do Regulamento orgánico municipal, en sesión ordinaria e primeira convocatoria, os membros das comisións informativas permanentes de estudo, informe, consulta e seguimento, coa denominación e concelleiros adscritos que a continuación se relacionan, segundo se deriva da acta da sesión extraordinaria da Corporación municipal de data 13 de xullo de 2007.

A) Comisión Informativa de Presidencia, Réxime Interior, Facenda e Promoción Económica.

Asistentes:

- Presidente: Don Francisco Javier Varela Tejedor, do PS de G-PSOE.
- Don Felipe Andreu Barallobre, do PP.
- Don Antón Otero Domínguez, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Asiste, como persoal da Corporación para efectos informativos, dona Mª Irache Enríquez Albaina, interventora municipal.

B) Comisión Informativa de Ordenación do Territorio, Medio Ambiente, Obras e Servizos.

Asistentes:

- Presidente: Don Antonio Varela Saavedra, do PS de G-PSOE.
- Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP.
- Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG.
- Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

C) Comisión Informativa de Educación, Benestar Social, Cultura, Normalización Lingüística e Participación Cidadá.

Asistentes:

- Presidente: Don Jaime Manuel López Lisnier, do PS de G-PSOE.
- Dona Goretti Pérez Elexpuru, do PP.
- Dona Gumersinda Becerra Montes, do BNG.
- Don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU.
- Don Manuel Marante Gómez, do PG.

Faise constar que asisten, ademais, os seguintes membros dos grupos municipais: dona Carmen Tato Lago, don José Venancio Salcines Cristal e dona María Beatriz Ramos Padín, do PS de G-

PSOE; don José Antonio Baamonde López, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas e don Santiago Manuel Ríos Rama, do PP; e dona Laura Fernández Martínez, do BNG.

Actúa como secretaria dona M<sup>a</sup> Luisa de la Red Ampudia, secretaria da Corporación.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

### **COMISIÓN INFORMATIVA DE PRESIDENCIA, RÉXIME INTERIOR, FACENDA E PROMOCIÓN ECONÓMICA**

#### **1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión de data 25 de setembro de 2007.**

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 25 de setembro de 2007.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez solicita que na páxina 11, despois do segundo parágrafo, que se corresponde co inicio da resposta de don José Venancio Salcines Cristal, se faga constar que el contestou que quede claro que cando se refire a unha parcela de 100.000 m<sup>2</sup>, refírese a solo público, pois é propiedade do SEPES e está sen desenvolver, non se refire a terreos de propiedade privada.

Don José Venancio Salcines contesta que foi un malentendido.

Non se formulan máis observacións, polo que a Comisión, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, acordou aprobar a acta de referencia, coa seguinte modificación:

Na páxina 11, despois do segundo parágrafo, inclúese outro coa seguinte redacción:

“Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que quede claro que onde se refire a unha parcela de 100.000 m<sup>2</sup>, refírese a solo público, pois é propiedade do SEPES e está sen desenvolver, non se refire a terreos de propiedade privada.”

Polo que se modifica tamén o terceiro parágrafo para indicar que continúa don José Venancio Salcines coa súa exposición, quedando redactado: “Don José Venancio Salcines Cristal continúa dicindo que hai outra parcela de preto .....”

#### **2º.- Proposta de aprobación de contía de prezo público correspondente á ordenanza núm. 22, reguladora do prezo público por actividades culturais.**

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego de data 18 de outubro de 2007.

Comeza a exposición don José Venancio Salcines Cristal manifestando que dende Servizos Sociais se valorou a posibilidade de realizar unha nova actividade, hipoterapia para nenos discapacitados que

se faría nun centro de equitación. O prezo público proposto é de 10 euros/hora e cren que pode cubrir o 50% do custo da actividade.

Don José Antonio Baamonde, concelleiro do PP, pregunta se existe algún caso de persoas discapacitadas en Cambre.

Don José Venancio Salcines contesta que, en principio, se estima que a demanda é sobre 30 persoas.

Don José Antonio Baamonde pregunta se respecto do transporte adaptado, que custa 30 € por viaxe, se pediu orzamento a diferentes empresas.

Don José Venancio Salcines contesta que, nun futuro, podería facerse por persoal propio, sería outra posibilidade, pero agora contratouse a unha empresa con custos marcados.

Dona Carmen Tato Lago, concelleira delegada de Asuntos Sociais, Igualdade e Participación Cidadá, engade que é unha empresa que leva funcionando moito tempo, e agora volverase sacar a contratación. Os prezos son altos, pero recentemente estivo en contacto cunha asociación de discapacitados que prestan este servizo. Estiveron a estudalo, e parece que poderían poñer unha furgoneta durante oito horas, e estaría o chófer a disposición de Servizos Sociais toda unha xornada. Tendo en conta os prezos que se pagan agora, resultaría máis barato. Unha vez que termine o contrato vixente, mirarase. Trátase dunha asociación que agora mesmo está situada na Coruña, pero compraron dous baixos na Barcala.

En canto á actividade, considera que sería bo para estes nenos ofrecerlles esta actividade. Estivo uha tarde na escola de equitación Pinteño, vendo como se impartía a actividade a dous nenos en cadeira de rodas. Puido ver unha cinta na que se recolleu dende o momento do inicio da actividade en que ían acostados ao longo do caballo, e como agora se incorporan. Pareceulle algo bonito e cre que deberían contar co apoio de todos, pois incluso sería algo innovador.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, pregunta se existe algún outro informe médico, e se por parte da concellería se ten coñecemento de que se estea impartindo esta actividade na comarca.

Dona Carmen Tato Lago contesta que a fisioterapeuta que dirixe a actividade non vai coller a ningún neno que non vaia co correspondente informe de valoración do médico que o autorice. É unha fisioterapeuta especializada nisto.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que se non sería mellor contar cun estudo médico que recomende esta actividade aos rapaces.

Dona Carmen Tato Lago contesta que os nenos que están actualmente en Pinteño teñen os informes favorables dos especialistas do Juan Canalejo, e onde se di que teñen mellorado.

Segue dicindo que o primeiro será sacar adiante a actividade. Despois a familia terá que cubrir un cuestionario e achegar o informe médico que autorice a actividade. Mañá, ás 12:00 h., recibe a tres nais interesadas nesta actividade.

Don José Venancio Salcines Cristal lembra que hai casos de actividades programadas onde non foi ninguén, e está establecido o prezo público. Se hai tres nenos que solicitan a actividade, débeseles ter en conta, se non o solicita ninguén, pois non se fai.

Don Manuel Marante Gómez, concelleiro do GM (PG), pregunta se, ao igual que noutras actividades, se puxo un tope mínimo.

Dona Carmen Tato Lago contesta que non o pensou pero, se poden gozar dous nenos da actividade, e tendo en conta a súa situación, parécelle estupendo. En canto ao transporte, está utilizándoo cada usuario puntualmente cando o desexa, para ir á farmacia, ao Ventorrillo, etc., é dicir, se o utilizan cando o desexan, porque un día o utilicen dous nenos a maiores non suporía tanto para a economía municipal.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez, do PP, manifesta que non hai informe médico no expediente que diga que a actividade é boa.

Don José Venancio Salcines contesta que non están facendo medicina, o concello non é o Sergas. O concello ofrece baloncesto, axedrez, etc., e non se pide informe médico, é dicir, non se trata diso, habería que pedir o informe médico caso por caso.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, do BNG, manifesta que apoian a proposta porque tamén tiveron solicitudes de varias nais a finais do pasado ano, e foi unha decisión que xa estaba tomada de incorporar estas actividades ao programa de actividades sociais 2007-2008, e é polo que felicita á concelleira.

A Comisión, en votación ordinaria, por unanimidade dos cinco concelleiros que a compoñen, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Primeiro: Aprobar a seguinte contía de prezo público correspondente á ordenanza fiscal núm. 22, reguladora do prezo público por actividades culturais:

CONCEPTO	IMPORTE
Actividade de hipoterapia para nenos discapacitados	10 euros/hora

Segundo: Publicar para o seu xeral coñecemento no boletín oficial da provincia segundo o disposto no artigo 59.6 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Terceiro: O presente acordo de establecemento do prezo público entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no boletín oficial da provincia.

**3º.- Proposta de aprobación provisional da modificación das ordenanzas fiscais n.º 4, 6, 8, 9, 12, 14, 15 e 19 para o exercicio 2008.**

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego de data 17 de outubro de 2007.

Comeza a exposición don José Venancio Salcines Cristal manifestando que a maior parte das modificacións son de carácter técnico.

En canto á Ordenanza fiscal n.º 4, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras, había unha bonificación do 50% para as obras novas que incorporaran sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar. Como a lexislación xa obriga a realizar estas obras, agora formúlase a axuda para obras de reforma.

En canto á Ordenanza fiscal n.º 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, algúns poñían trabas dicindo que se polas entrevistas non debería de cobrar dereitos de exame. Tamén se presenta un cambio de redacción en canto á denominación das prazas. En canto ás fotocopias e compulsas en materia de Servizos Sociais, dáse un paso en apoio aos veciños, e incrementase a bonificación. Había unha bonificación para solicitar axudas só ante o propio concello e non ante outros organismos, e amplíase a bonificación para solicitudes de prestacións sociais ante calquera administración.

Respecto da Ordenanza fiscal n.º 8, reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas de apertura de establecementos, no artigo 6 cámbiase a expresión de “unha cantidade fixa” polo concepto de “polos 100 primeiros m<sup>2</sup>” e “unha cantidade variable”, polo concepto “por m<sup>2</sup> adicional”. Son cambios de redacción, non de tipo económico.

Respecto da Ordenanza fiscal n.º 9, reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros, tamén é un cambio de redacción, substitúese o artigo 6 denominado exencións e bonificacións, por outro denominado de beneficios fiscais, pero é a mesma idea. É a mesma bonificación, pero cámbiase a redacción.

Na Ordenanza fiscal n.º 12, reguladora da taxa por entrada de vehículos a través de beirarrúas e reservas de espazo, modifícase o artigo 6 coa inclusión dunha alínea 3. Coa anterior redacción había algunhas dúbidas sobre o cálculo dos metros. Coa nova redacción enténdese que se resta ambigüidade á ordenanza.

Na Ordenanza fiscal n.º 14, reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas municipais e pola prestación de servizos deportivos, hai un cambio tarifario, e introduciron un aspecto que será de agrado para todos, porque as persoas maiores de 65 anos inscritas na actividade ximnasia de mantemento, terán unha bonificación do 50% da cota. Entenden que hai que discriminar positivamente aos maiores. Xa existía nas familias numerosas. O resto de colectivos verano incrementado nunha media do 5%.

Seguirase cunha situación de déficit. Antes había unha taxa de cobertura do 69% e agora é do 71%, polo que se reduce o déficit en dous puntos, e axúdase aos maiores.

En canto ás escolas deportivas súbese un euro e medio, e non alterará especialmente a demanda de actividade, en cambio, axudará ás arcas municipais. Actualmente só se cubre o 53% e pasaríase a cubrir o 58% dos custos.

Na Ordenanza n.º 15, reguladora da taxa pola subministración de auga, é un caso igual ao anterior. Modifícase o artigo 5 e amplíase a bonificación do 100% ás familias cuns ingresos inferiores ao salario mínimo interprofesional referido a toda a unidade familiar.

No artigo 6 hai un cambio de redacción e non altera o sentido nin os efectos económicos da ordenanza. É un cambio de redacción, e enténdese moito mellor.

Na Ordenanza n.º 19, reguladora da taxa por servizo de axuda a domicilio e outras prestacións sociais, segundo Intervención había unha certa ambigüidade e faise unha definición de renda que non modifica economicamente en nada a ordenanza.

Conclúe dicindo que as clases de mantemento van a máis, e non ten un excesivo custo para o concello facer unha bonificación nese sentido. Se se potencia as actividades físicas nos colectivos maiores, poténciase o nivel de benestar.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, concelleiro do BNG, manifesta que teñen dúas cuestións.

En canto á Ordenanza n.º 6 consideran que, cando se trata de prazas por necesidades do servizo, ou para cubrir baixas, etc., que adoita ser por un, dous ou tres meses, é dicir, por pouco tempo, e sobre todo cando esas prazas se refiren a grupos altos, cando se trata de cubrir unha interinaxe, a súa proposta é que, nestes supostos, a taxa sexa a metade, pois parécelles que non ten sentido que os prezos sexan iguais cando o tempo máximo para ocupar unha praza é de un mes ou dous. Moitas veces retráese a xente á hora de inscribirse porque os importes son moi esaxerados.

Por tanto, a súa proposta é que se reduzan os dereitos de inscrición nos procesos de selección de persoal ao 50% cando se trate dunha interinaxe.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que en todos os procesos de selección, os que se teñen presentado e aprobado forman parte dunha lista permanente, e están en disposición de acceder a un posto público, polo que non o cre esaxerado.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que só propón a redución do 50%.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que o que ten interese en presentarse, preséntase, polo que tamén se facilita que se presenten as persoas que teñen interese e non se presenten as que non o teñen.

Don José Venancio Salcines Cristal conclúe que se mantén a redacción proposta.

En canto á Ordenanza n.º 15, reguladora da taxa por subministración de auga, don Henrique Xabier Iglesias Oviedo quere recoller unha proposta que lles formularon a todos os grupos no exercicio 2006, e son propostas no sentido de que non se aplique a taxa ao domicilio senón ao número de persoas que viven nunha vivenda. Parece lóxico que nun domicilio onde vive unha persoa ou dous non vai ter o mesmo gasto que onde hai unha familia numerosa. O que piden moitas persoas é que haberá que facer a discriminación nos bloques en función do número de persoas empadroadas. Consideran que a partir de catro persoas estase pagando máis por auga, é dicir, as familias numerosas están pagando máis pola auga, e pon como exemplo o Concello de Oleiros, que aplica como concepto o de persoas censadas na vivenda e se baixa en función de máis de catro persoas. Non se trata de que non se pague a auga, senón de favorecer ás familias numerosas.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que habería que poñer o principio de xustiza por diante e ver se é aplicable, e se é xusto ou non, porque, pregunta, se hai nunha vivenda catro persoas con catro soldos, onde está a xustiza, e tamén estará a picaresca. Ten dúbida de que esa proposta sexa xusta en todos os casos.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que lle parece ben, pero o inxusto é que haxa persoas que están pagando máis por auga que outras. Di que, ás veces, cando se fan propostas dende a oposición, consideran que se fan gratis, pero aquí non é o caso, este criterio está noutros concellos, e parécelles importante, pois é unha demanda que foi presentada con anterioridade a todos os grupos políticos por parte das familias numerosas. Propóñeno pero, se non lles parece xusto, alá eles.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que non se poden facer comparacións. Tería que ser unha proposta global, pois habería que ver cal é o prezo por metro cúbico, bonificacións, etc.

Don José Venancio Salcines Cristal engade que para establecer en Oleiros esa tarifa terán feito os correspondentes estudos económicos, e aquí habería que facer primeiro os cálculos e despois, en vista ao resultado, aprobalo.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, manifesta que se pode aprobar a proposta e se se ve que o resultado non é o debido, se modifica. É dicir, está de acordo coa proposta do BNG.

Engade que no tema da auga haberá que ir máis lonxe, están aguantando a infraestrutura do encoro de Cecebre, e ao mellor sería hora de pedirlle a Emalcsa que dera ao concello un canon e entón si que se podería acadar abaratar a auga.

Don José Antonio Baamonde López, do PP, manifesta que o seu grupo quere que se teña en conta á terceira idade e, polo tanto, propoñen que na Ordenanza fiscal n.º 14, reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas municipais e pola prestación de servizos deportivos, se subvencione o 100% e para amortizar isto, na Ordenanza fiscal n.º 8, relativa ao outorgamento de licenzas de apertura de establecementos, onde fala de Instalación de antenas de telefonía móbil, en vez de 6.000 €, que a tarifa sexa de 18.000 €, e que haxa unha cota anual.

Neste momento a Sra. interventora pide a palabra e manifesta que, en todas estas propostas, tanto na taxa da auga como nas demais, hai que estudalas, non se pode aprobar sen máis.

Don José Antonio Baamonde contesta que tamén se podería facilitar que a terceira idade participara na ximnasia de mantemento cunha bonificación do 100% dependendo da renda.

Don José Venancio Salcines contesta que se podería incluír provisionalmente. Están de acordo con esta proposta, é dicir, incluír na Ordenanza fiscal n.º 14, reguladora da taxa pola utilización de instalacións deportivas municipais e prestación de servizos deportivos, a bonificación do 100% sen limitación de renda, para persoas maiores de 65 anos inscritas na actividade de ximnasia de mantemento, e comprométense a, unha vez aprobada a Ordenanza de telefonía móbil, modificar a Ordenanza n.º 8, relativa á taxa polo outorgamento de licenzas de apertura de establecemento.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, en canto á Ordenanza n.º 4, coincide co que se presenta, pois no ano 95 EU-IU presentou unha proposta e foi desestimada.

Respecto da Ordenanza n.º 6, de expedición de documentos administrativos, propoñen, dun lado que se amplíe a exención por fotocopias e compulsas de documentos administrativos aos colectivos sociais e asociacións do termo municipal, co fin de fomentar a participación cidadá e, por outro lado, propoñen a bonificación do 50% nos dereitos de inscrición en procesos de selección de persoal, para as persoas discapacitadas.

Na Ordenanza n.º 8, reguladora da taxa por outorgamento de licenzas de apertura de establecemento, propoñen bonificar co 50% aos menores de 30 anos que soliciten por primeira vez a apertura dun establecemento, iso co fin de axudar aos mozos emprendedores, e tamén aos desempregados de longa duración (12 meses).

Na Ordenanza n.º 12, reguladora da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e reservas de vía pública, considera que, respecto das reservas de espazo temporal para construción, comercio, servizos, etc., debería poñerse un gravame do 10% ou máis, cando se ocupen prazas de aparcamento, de minusválidos, etc.

Na Ordenanza n.º 14, propoñen unha exacción fiscal do 50% pola utilización de instalacións deportivas para todas aquelas asociacións deportivas que realicen o seu traballo con nenos e nenas de Cambre, menores de idade, co fin de fomentar o deporte base no concello.

Tamén, en canto a esta ordenanza considera que a suba é bastante, pois nalgún caso chega ao 11%, outras o 8%, etc.

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que non pode opinar sobre as propostas sen ter os datos económicos. Terá que preguntar primeiro aos técnicos de Deportes para ver como afectan estas propostas á facenda municipal.

Engade que, ademais, o concello ten unha serie de competencias como auga, rede de sumidoiros, etc., obrigatorias do concello, polo que haberá que determinar para onde debe ir o esforzo do concello, se para competencias propias, ou para outras actividades. Aquí o que se propón é reducir o impacto económico, pois todas as actividades xeran déficit. O veciño pide auga, rede de sumidoiros, etc., e se ademais se lle proporcionan actividades deportivas, culturais, etc., pois ben, pero non se poden asumir débedas á lixeira, non se poden acordar medidas que xeran déficit.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que é de sentido común como debe ser a distribución do diñeiro do concello e ao mellor habería que rebaixar os soldos, axudas de custo, gastos de representación, certame de pintura, etc.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro da Área Educación, Xuventude e Deportes, engade que todas as asociacións e equipos teñen unha actuación gratuíta todas as semanas, dúas horas á semana, para as súas actividades.

Concedida a palabra a don Antón Otero Domínguez, do BNG, expón que, en canto á Ordenanza n.º 14, reguladora da taxa por utilización das instalacións deportivas municipais e servizos deportivos, formulan a seguinte proposta, pois cren que non ten apenas repercusión: suprimir a alínea c) do artigo 5 que se refire a que as persoas maiores de 55 anos recibirán unha bonificación do 25% da cota e modificar a alínea g) do mesmo artigo 5 no sentido de que as persoas maiores de 55 anos terán unha bonificación do 50% da cota con independencia do tipo de actividade á que se inscriban.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que deberían traer as propostas suficientemente documentadas pois non se pode dicir que cre que non ten repercusión, non se pode aprobar ou rexeitar algo baseándose no que se cre.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que as propostas están documentadas na medida en que poden estar documentadas, pois na Xunta de Voceiros do día 15 se dixo que se ían modificar unhas ordenanzas, pero a seguinte noticia foi cando o sábado tiveron a documentación. Lémbrale que tamén se comprometeu na Xunta de Voceiros a facerlles entrega dunha copia do texto das ordenanzas en vigor, e non as recibiron, polo que as cousas se documentan na medida en que se pode, pois non teñen estudos técnicos, nin asesoramento, así que, a apreciación é inxusta.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, engade que, efectivamente, non teñen a copia das ordenanzas, e dende a notificación é pouco tempo para preparalo.

A continuación, votanse as modificacións presentadas por cada grupo á proposta do concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego, na seguinte orde:

- Proposta de modificación do BNG á Ordenanza n.º 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos, respecto de que se reduzan os dereitos de inscrición nos procesos de selección de persoal ao 50%, cando se trate dunha interinaxe:

Votan a prol da modificación o concelleiro do BNG, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

Votan en contra da citada modificación o concelleiro do PS de G-PSOE e o concelleiro do PP.

- Proposta de modificación do BNG á Ordenanza n.º 15, reguladora da taxa por subministración de auga, no sentido de que non se aplique a taxa ao domicilio, senón ao número de persoas que viven nunha vivenda:

Votan a prol da modificación o concelleiro do BNG, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

Abstense o concelleiro do PP, motivado en que cren que debe estudarse.

Vota en contra da modificación o concelleiro do PS de G-PSOE.

- Proposta de modificación do BNG á Ordenanza n.º 14, reguladora da taxa por utilización das instalacións deportivas municipais e servizos deportivos, no sentido de que se suprima a alínea c) do artigo 5 que se refire a que as persoas maiores de 55 anos recibirán unha bonificación do 25% da cota, e modificar a alínea g) do mesmo artigo 5 no sentido de que as persoas maiores de 55 anos terán unha bonificación do 50% da cota con independencia do tipo de actividade á que se inscriban:

Votan a prol da modificación o concelleiro do BNG e o concelleiro do GM (PG).

Abstéñense o concelleiro do PP e o concelleiro de EU-IU.

Vota en contra da modificación o concelleiro do PS de G-PSOE.

- Proposta de modificación do PP á Ordenanza n.º 14, reguladora da taxa pola utilización de instalacións deportivas municipais e prestación de servizos deportivos, respecto da bonificación do 100% sen limitación de renda para persoas maiores de 65 anos inscritas na actividade de ximnasia de mantemento, e

que se amplíe tamén para viúvos/-as, coa limitación do espazo físico da aula, e coa condición de que para amortizar a citada bonificación, unha vez aprobada a Ordenanza de telefonía móbil, modificar a Ordenanza n.º 8, relativa á taxa polo outorgamento de licenzas de apertura de establecemento, para incrementar a tarifa correspondente á instalación de antenas de telefonía móbil, que agora é de 6.000 € e poñer unha cota anual de mantemento:

Votan a prol da modificación o concelleiro do PS de G-PSOE e o concelleiro do PP.

Abstéñense o concelleiro do BNG, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

- Proposta de modificación de EU-IU á Ordenanza n.º 6 de expedición de documentos administrativos respecto de que se amplíe a exención por fotocopia e compulsa de documentos administrativos aos colectivos sociais e a asociacións do termo municipal, co fin de fomentar a participación cidadá, así como, unha bonificación do 50% nos dereitos de inscrición en procesos de selección de persoal, para as persoas discapacitadas:

Votan a prol da modificación o concelleiro do BNG, o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

Abstense o concelleiro do PP.

Vota en contra da modificación o concelleiro do PS de G-PSOE.

- Proposta de modificación de EU-IU á Ordenanza n.º 14, reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas municipais e pola prestación de servizos deportivos, na que propoñen unha exención fiscal do 50% pola utilización de instalacións deportivas para todas aquelas asociacións deportivas que realicen o seu traballo con nenos e nenas de Cambre, menores de idade, co fin de fomentar o deporte de base no concello:

Votan a prol da modificación o concelleiro de EU-IU e o concelleiro do GM (PG).

Abstéñense o concelleiro do PP e o concelleiro do BNG. O PP basea a súa abstención en que debería facerse un estudo económico das taxas.

Vota en contra da modificación o concelleiro do PS de G-PSOE.

O Sr. presidente somete a votación ordinaria a proposta presentada polo concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego, coa modificación proposta polo grupo municipal do PP á Ordenanza n.º 14 reguladora da taxa por utilización de instalacións deportivas municipais e prestación de servizos deportivos, quedando redactado o epígrafe g) da alínea 1 do artigo 5 segundo se transcribe a continuación:

*“g) Terán unha bonificación do 100%, sen limitación de renda, as persoas maiores de 65 anos inscritas na actividade de ximnasia de mantemento, bonificación que se aplicará tamén aos viúvos/-as, coa limitación do espazo físico da aula.”*

A Comisión, en votación ordinaria, por dous votos a prol correspondentes aos concelleiros do PS de G-PSOE e PP, e tres votos en contra correspondentes aos concelleiros do BNG, EU-IU e GM (PG), en aplicación do sistema de voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

**Primeiro:** Aprobar provisionalmente para o exercicio 2008 e seguintes as modificacións das Ordenanzas fiscais que a continuación se relacionan:

I. Reenumeración das Ordenanzas fiscais debido a derogación da ordenanza fiscal núm. 20, reguladora da taxa polas actividades extraescolares municipais, por acordo do Pleno da Corporación de data 30 de agosto de 2007, quedando a numeración a partir de dito número do seguinte xeito:

- Ordenanza fiscal núm. 21, da taxa pola tenencia de animais de compañía e animais potencialmente perigosos, pasa a ser ordenanza fiscal núm. 20.

- Ordenanza fiscal núm. 25, reguladora de contribucións especiais, pasa a ser ordenanza fiscal núm. 21.

II. Modificación do texto das ordenanzas, segundo se transcribe a continuación:

- Ordenanza fiscal n.º 4, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras.

Modifícase a alínea 1 do artigo 4º da presente ordenanza fiscal, quedando como segue:

#### **Artigo 4º. - Bonificacións.**

1. As obras de reforma de edificacións existentes que se realicen co fin de incorporar sistemas para o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar disfrutarán dunha bonificación de ata o 50 por cento sobre a cota do imposto en proporción á porcentaxe que a enerxía solar cubra sobre o total da enerxía necesaria para o funcionamento da vivenda, considerándose o mínimo a cubrir para solicitar a subvención, o 20 por cento da enerxía total requirida pola mesma. A aplicación desta bonificación estará condicionada a que as instalacións para produción de calor inclúan colectores que dispoñan da correspondente homologación da Administración competente.

Tomarase en consideración o orzamento total da obra para o cálculo da cota, sempre que a obra a realizar estea destinada unicamente á adaptación do edificio para favorecer o aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar para autoconsumo.

No caso de que as obras estean destinadas á reforma da edificación, comprendendo no orzamento máis partidas ademais da adaptación de dita edificación para favorecer dito aproveitamento, unicamente se computarán para o cálculo da cota con dereito a bonificación as partidas correspondentes. Para iso será necesario que o orzamento se presente desglosado na parte que corresponda ás mencionadas obras.

As solicitudes serán enviadas, coa documentación que as acompaña e un informe respecto do cumprimento das condicións establecidas na presente ordenanza, ós servicios municipais de medioambiente que, valorando as instalacións, formularán informe proposta sobre a súa concesión. A resolución corresponde á Alcaldía, sen prexuízo das delegacións outorgadas por esta.

Esta bonificación só será aplicable a aquelas construcións que non deban dispoñer obrigatoriamente destes sistemas de aproveitamento térmico ou eléctrico da enerxía solar segundo o disposto no Real decreto 314/2006, de 17 de marzo, polo que se aproba o Código Técnico da Edificación.

- Ordenanza fiscal n.º 6, reguladora da taxa por expedición de documentos administrativos.

Modifícase o artigo 7º nos seguintes epígrafes: epígrafe “Dereitos de exame”, epígrafe “Planos, fotocopias e documentos técnicos” coa modificación da súa alínea 6, e epígrafe “Outros documentos” coa inclusión da *expedición de informes sociais* do artigo 7º, así como o artigo 8º da presente ordenanza fiscal, quedando como seguen:

### Artigo 7º. - Tarifa.

A tarifa a que se refire o artigo anterior estrutúrase da seguinte maneira:

(...)

Dereitos de inscrición en Procesos de Selección de Persoal	TARIFA
Procesos de selección de persoal para prazas encadradas no subgrupo A1 ou asimilado	50,00 euros
Prazas do subgrupo A2 ou asimilado	40,00 euros
Prazas do subgrupo B ou asimilado	30,00 euros
Prazas do subgrupo C1 ou asimilado	30,00 euros
Prazas do subgrupo C2 ou asimilado	20,00 euros
Prazas de Agrupacións profesionais sen requisito de titulación ou asimilado	10,00 euros

Planos, fotocopias e documentos técnicos	TARIFA
Por cada documento que se expida en fotocopia:	
6. Fotocopia e compulsa de documentos esixidos para a obtención de calquera tipo de prestacións por parte da área de servizos sociais ou para solicitudes de prestacións sociais ante a administración autonómica ou central, tramitadas dende dita área, e para axudas ás familias por fillos cursando estudos (bolsas de estudo), por folio	0,00 euros

Outros documentos	TARIFA
Expedición de informes sociais	00,00 euros

(...)

### Artigo 8º.-Bonificacións da cota.

Non se concederá ningunha bonificación dos importes das cotas tributarias sinaladas na tarifa desta taxa, salvo no concerninte a dereitos de inscrición en procesos de selección de persoal en que se aplicará unha redución do 50 % da tarifa a aqueles que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, de 6 meses anteriores á data da convocatoria das probas selectivas nas que soliciten a súa participación.

- Ordenanza fiscal n.º 8, ordenanza fiscal reguladora da taxa polo outorgamento de licenzas de apertura de establecementos.

Modifícase a alínea 1 do artigo 6º da presente ordenanza fiscal, quedando como segue:

## Artigo 6º.- Tarifa.

1. As cotas tributarias determinaranse de acordo coa seguinte tarifa:

DESCRICIÓN	COTA
<u>Actividades de tramitación ordinaria:</u>	
Establecementos ou instalacións dos cales a superficie non supere os 100 m <sup>2</sup> :	300,00 euros
Establecementos ou instalacións dos cales a superficie supere os 100 m <sup>2</sup> :	
Polos 100 primeiros m <sup>2</sup> :	300,00 euros
Por m <sup>2</sup> adicional:	1,00 euro / m <sup>2</sup>
<u>Actividades de tramitación especial:</u>	
Establecementos ou instalacións dos cales o orzamento non supere os 15.000,00 euros:	
Con superficie non superior a 100 m <sup>2</sup> :	650,00 euros
Con superficie superior a 100 m <sup>2</sup> :	
Polos 100 primeiros m <sup>2</sup> :	650,00 euros
Por m <sup>2</sup> adicional:	1,50 euros/ m <sup>2</sup>
Establecementos ou instalacións dos cales a orzamento total supere os 15.000,00 euros:	
Con superficie non superior a 100 m <sup>2</sup> :	1.100,00 euros
Con superficie superior a 100 m <sup>2</sup> :	
Polos 100 primeiros m <sup>2</sup> :	1.100,00 euros
Por m <sup>2</sup> adicional:	1,70 euros/ m <sup>2</sup>
Resto de expedientes que afecten a vivendas:	150,00 euros/local
Resto de expedientes que afecten a outros locais ou instalacións:	450,00 euros
Instalación de antenas de telefonía móbil:	6.000,00 euros
Cambios de titularidade:	60,00 euros

- Ordenanza fiscal n.º 9, reguladora da taxa polo servizo da rede de sumidoiros.

Modifícase o artigo 6º da presente ordenanza fiscal, quedando como segue:

### Artigo 6º. - Beneficios fiscais.

Aplicarase unha bonificación do 100% sobre o mínimo facturable a aqueles contribuíntes cuxos ingresos anuais sexan inferiores ó salario mínimo interprofesional referido a toda a unidade familiar, sempre que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre ó respecto. Os excesos facturaranse segundo as tarifas establecidas nas alíneas 2 e 3 do artigo 5º.

- Ordenanza fiscal n.º 12, reguladora da taxa por entrada de vehículos a través das beirarrúas e as reservas de vía pública para aparcamento, carga e descarga de mercancía de calquera clase.

Modifícase o artigo 6º da presente ordenanza fiscal, coa inclusión nel da alínea 3, quedando como segue:

### **Artigo 6º. - Cota tributaria.**

(....)

#### 3. Normas para a aplicación das tarifas:

Para os efectos da liquidación da taxa, cando se produza o acceso dende a vía pública a un grupo de fincas ou locais que compartan a mesma entrada computarase como superficie do local, a suma das súas superficies.

A superficie computada será a destinada a garaxe, expresada en metros cadrados e sumando as plantas ou pisos do mesmo, no seu caso. Non se computaran a superficie destinada a outros usos tales como ascensores, pasillos exteriores ao garaxe, trasteiros, etc.

- Ordenanza fiscal n.º 14, reguladora da taxa pola utilización das instalacións deportivas municipais e pola prestación de servizos deportivos.

Modifícanse o artigo 5º da presente ordenanza fiscal coa inclusión na alínea 1 do epígrafe g), e os cadros de tarifas establecidas no artigo 6º, quedando como segue:

### **Artigo 5º. - Beneficios fiscais.**

1. A cota da taxa polo servizo de escolas deportivas e plan de promoción deportiva redúcese pola aplicación das seguintes bonificacións:

(...)

g) Terán unha bonificación do 100%, sen limitación de renda, as persoas maiores de 65 anos inscritas na actividade de ximnasia de mantemento, bonificación que se aplicará tamén aos viúvos/-as, coa limitación do espazo físico da aula.

### **Artigo 6º.- Cota tributaria.**

A contía da taxa determinarase aplicando as tarifas seguintes:

Epígrafe 1. Uso de instalacións deportivas municipais.

Pavillóns polideportivos municipais. Tarifas:

	Concepto	Tarifa
1.1	Por hora de utilización	26,25 euros
1.2	Por hora de utilización entre 24:00 h e 9:00 h	31,50 euros
1.3	Equipos federados municipais sénior por hora	10,50 euros
1.4	Equipos categoría sénior e afeccionados participantes en torneos municipais por hora	15,75 euros
1.5	Suplemento por despacho (de billetes)	99,75 euros

Campos de fútbol. Tarifas:

	Concepto	Tarifa
--	----------	--------

1.6	Equipos federados do municipio por hora	31,50 euros
1.7	Equipos non federados do municipio por hora	63,00 euros
1.8	Suplemento por despacho (de billetes)	31,50 euros

Pistas polideportivas e canchas de tenis. Tarifas:

	Concepto	Tarifa
1.9	Por hora de utilización	7,35 euros

Piscinas municipais. Tarifas:

	Concepto	Tarifa
1.10	Entrada libre por día, veciños do municipio	2,21 euros
1.11	Entrada libre bono 6 entradas, veciños do municipio	10,50 euros
1.12	Entrada libre bono 24 entradas, veciños do municipio	31,50 euros

Ximnasia e rocódromo. Tarifas:

	Concepto	Tarifa
1.16	Por hora de utilización e persoa	2,10 euros

Campos de chave. Tarifas:

	Concepto	Tarifa
1.17	Por hora de utilización	12,50 euros

Os grupos/equipos ou veciños doutros municipios terán un suplemento do 100% das tarifas polo uso das instalacións.

Malia o anterior, a cota da taxa pola utilización das instalacións deportivas será cero nos seguintes supostos:

- a) Os actos gratuítos organizados por entidades sen fin de lucro en colaboración co Concello.
- b) As actividades das comunidades escolares de centros de ensino público para actos propios da súa finalidade educativa, ata un máximo de sete horas semanais por comunidade escolar.
- c) As competicións deportivas federadas de base e o deporte en idade escolar.
- d) Os adestramentos deportivos de entidades de carácter deportivo sen fin de lucro, inscritas no rexistro municipal para categorías de base ata xuvenís inclusive na proporción dunha hora por cada dous equipos e tres horas semanais como máximo.

As entidades xuvenís terán unha hora semanal exenta.

Outras entidades sen fin de lucro municipais, para actos non deportivos, terán que solicita-la exención presentando unha memoria explicativa da finalidade do uso.

Epígrafe 2. Servizo de escolas deportivas municipais. Tarifas:

	Concepto	Tarifa mensual
2.1	Ximnasia de mantemento de adultos	14,50 euros
2.2	Ximnasia de mantemento de adultos en centros deportivos	14,50 euros
2.3	Escola deportiva de judo	13,00 euros
2.4	Escola deportiva de patinaxe artística	13,00 euros
2.5	Escola deportiva de tenis (perfeccionamento)	15,50 euros
2.6	Outras escolas deportivas (2 horas semanais)	13,00 euros
2.7	Outras escolas deportivas (3 horas semanais)	16,00 euros
2.8	Outras escolas deportivas (4,5 horas semanais)	18,00 euros

Epígrafe 3. Plan de promoción deportiva. Tarifas:

	Concepto	Tarifa
3.1	Escolas de promoción deportiva	27,51 euros
3.2	Cursos de iniciación á equitación de 20 horas	109,20 euros
3.3	Cursos de ata 15 horas	40,95 euros
3.4	Cursos de ata 30 horas	81,90 euros
3.5	Cursos de formación de técnicos deportivos. Cursos realizados en colaboración con outras administracións, federacións deportivas:	
	3.5.1 Ata 50 horas	150,00 euros
	3.5.2 Ata 100 horas	218,00 euros
	3.5.3 Ata 200 horas	286,00 euros

Os veciños doutros municipios terán un suplemento do 50 % nas tarifas das escolas deportivas municipais e plan de promoción deportiva.

- Ordenanza fiscal n.º 15, reguladora da taxa por subministración de auga.

Modifícanse os artigos 5º e 6º da presente ordenanza fiscal, quedando como seguen:

#### **Artigo 5º. - Beneficios fiscais.**

Aplicarase unha bonificación do 100% sobre o mínimo facturable determinado para os usos domésticos a aqueles contribuíntes cuxos ingresos anuais sexan inferiores ó salario mínimo interprofesional referido a toda a unidade familiar, sempre que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da cota correspondente, segundo informe dos servizos sociais do Concello de Cambre ó respecto. Os excesos facturaránse segundo as tarifas establecidas nos apartados 1.2 e 1.3 do epígrafe 1 do artigo seguinte.

#### **Artigo 6º. - Cota tributaria.**

A contía da taxa regulada nesta ordenanza será a determinada nas tarifas seguintes:

Epígrafe 1. Usos domésticos:

- 1.1. Ata 30 m<sup>3</sup> trimestre, a 0,37 euros cada m<sup>3</sup>.
- 1.2. Máis de 30 e menos de 90 m<sup>3</sup> trimestre, excesos a 0,53 euros cada m<sup>3</sup>.
- 1.3. Máis de 90 m<sup>3</sup> trimestre, excesos a 1,03 euros cada m<sup>3</sup>.

O mínimo facturable por aboado será de 30 m<sup>3</sup> trimestre.

Epígrafe 2. Usos non domésticos:

- 2.1. Ata 30 m<sup>3</sup> trimestre, a 0,53 euros cada m<sup>3</sup>.
- 2.2. Entre 30 e 3.000 m<sup>3</sup> trimestre, excesos a 0,71 euros cada m<sup>3</sup>.
- 2.3. Máis de 3.000 m<sup>3</sup> trimestre, excesos a 1,00 euros cada m<sup>3</sup>.

O mínimo facturable por aboado será de 30 m<sup>3</sup> trimestre.

Epígrafe 3. Tarifas especiais:

3.1 Cando o aboado sexa unha entidade inscrita no rexistro municipal de asociacións veciñais e a subministración se destine a uso deportivo, cultural ou cívico, ou ben sexa unha institución relixiosa que o destine a súa finalidade:

- 3.1.1. Ata 30 m<sup>3</sup> trimestre, a 0,12 euros cada m<sup>3</sup>.
- 3.1.2. Máis de 30 m<sup>3</sup> trimestre, excesos a 0,16 euros cada m<sup>3</sup>.

O mínimo facturable por aboado será de 30 m<sup>3</sup> trimestre.

3.2 Cando se trate doutra Entidade Local á que se lle subministre auga procedente do municipio de Carral:

Tódolos m<sup>3</sup> a 0,44 euros cada m<sup>3</sup> sen mínimo facturable.

Epígrafe 4. Outras tarifas:

- 4.1. Enganche á rede e primeira contratación do servizo, 95,00 euros.
- 4.2. Formalización de póliza de enganche por cambio de titularidade, 35,00 euros.

- Ordenanza fiscal n.º 19, reguladora da taxa por servizo de axuda a domicilio e outras prestacións sociais.

Modifícase o artigo 6º da presente ordenanza fiscal, quedando como segue:

**Artigo 6º. - Cota tributaria.**

1. A contía da taxa determinarase aplicando as tarifas seguintes:

Tarifa 1: Por prestación do servizo de axuda a domicilio:

1.1. Usuarios con renda “per cápita” mensual menor ou igual á pensión non contributiva, así como aquelas persoas que por razóns de necesidade, precariedade, urxencia ou razóns de prestación de oficio do servizo dictaminado polos servizos técnicos do departamento de servizos sociais, terán unha cota de cero euros /hora.

1.2. Usuarios con renda “per cápita” mensual maior do 100 por cento da pensión non contributiva e inferior ou igual ó 75 por cento do salario mínimo interprofesional, pagarán 1,53 euros /hora.

1.3. Usuarios con renda “per cápita” mensual maior do 75 por cento do salario mínimo interprofesional e inferior ou igual ó 100 por cento do mesmo, pagarán 2,86 euros /hora.

1.4. Usuarios con renda “per cápita” mensual maior do 100 por cento do salario mínimo interprofesional e inferior ou igual ó 120 por cento do mesmo, pagarán 4,18 euros /hora.

1.5. Usuarios con renda “per cápita” mensual maior do 120 por cento do salario mínimo interprofesional e inferior ou igual ó 140 por cento do mesmo, pagarán 5,51 euros /hora.

1.6. Usuarios con renda “per cápita” mensual maior do 140 por cento do salario mínimo interprofesional e inferior ou igual ó 160 por cento do mesmo, pagarán 6,83 euros /hora.

1.7. Usuarios con renda “per cápita” mensual maior do 160 por cento do salario mínimo interprofesional e inferior ou igual ó 180 por cento do mesmo, pagarán 9,28 euros /hora.

1.8. Usuarios con renda “per cápita” mensual maior do 180 por cento do salario mínimo interprofesional, pagarán 10,30 euros /hora.

Tarifa 2: Por asistencia ó centro ocupacional municipal de discapacitados psíquicos “A Escada”:

2.1 Tarifa normal: usuario con renda “per cápita” mensual maior do 115 % do salario mínimo interprofesional, pagarán 97,96 euros en concepto de matrícula, 106,38 euros/mes en concepto de asistencia, e 48,08 euros/ mes en concepto de transporte.

2.2 Tarifa reducida 1: usuario con renda “per cápita” mensual igual ou maior do 100 % do salario mínimo interprofesional e menor ou igual ó 115 % do mesmo, pagarán 91,95 euros en concepto de matrícula, 99,17 euros/ mes en concepto de asistencia, e 45,08 euros/ mes en concepto de transporte.

2.3 Tarifa reducida 2: usuario con renda “per cápita” mensual maior do 80 % do salario mínimo interprofesional e menor ou igual ó 100 % do mesmo, pagarán 80,54 euros en concepto de matrícula, 86,55 euros/ mes en concepto de asistencia, e 45,08 euros/ mes en concepto de transporte.

2.4 Tarifa reducida 3: usuario con renda “per cápita” mensual maior do 65 % do salario mínimo interprofesional e menor ou igual ó 80 % do mesmo, pagarán 73,92 euros en concepto de matrícula, 75,13 euros/ mes en concepto de asistencia, e 33,06 euros/ mes en concepto de transporte.

2.5 Tarifa reducida 4: usuario con renda “per cápita” mensual maior do 50 % do salario mínimo interprofesional e menor ou igual ó 65 % do mesmo, pagarán 49,28 euros en concepto de matrícula, 53,49 euros/ mes en concepto de asistencia, e 30,05 euros/ mes en concepto de transporte.

2.6 Tarifa reducida 5: usuario con renda “per cápita” mensual menor ou igual ó 50 % do salario mínimo interprofesional, pagarán 31,25 euros en concepto de matrícula e 30,05 euros/ mes en concepto de transporte.

Para os efectos da cota determinada de acordo coa tarifa 2 antes mencionada, no caso de que se inscriba máis dun irmán, o segundo e seguintes verán reducida a súa cota nun 20 % polo concepto de asistencia e un 50 % polo concepto de matrícula.

Tarifa 3: Por prestación do servizo de transporte adaptado.

3.1 Usuarios con renda per cápita mensual igual ou inferior á pensión non contributiva, así como aquelas persoas que por razóns de necesidade, precariedade, urxencia ou razóns de prestación de oficio do servizo ditaminado polos servizos técnicos do departamento de servizos sociais, terán unha cota de 0 euros por quilómetro percorrido.

3.2 Usuarios con renda per cápita mensual maior do 100 por cento da pensión non contributiva e inferior ou igual ao 175 por cento da pensión non contributiva, pagarán 0,09 euros por quilómetro percorrido.

3.3 Usuarios con renda per cápita mensual maior do 175 por cento da pensión non contributiva e inferior ou igual ao 250 por cento da pensión non contributiva, pagarán 0,18 euros por quilómetro percorrido.

3.4 Usuarios con renda per cápita mensual superior ao 250 por cento da pensión non contributiva, pagarán 0,35 euros por quilómetro percorrido.

Tarifa 4: Por prestación do servizo de comedor sobre rodas.

4.1 Usuarios con renda per cápita mensual igual ou inferior á pensión non contributiva, así como aquelas persoas que por razóns de necesidade, precariedade, urxencia ou razóns de prestación de oficio do servizo ditaminado polos servizos técnicos do departamento de servizos sociais, terán unha cota de 0 euros por menú que se sirva.

4.2 Usuarios con renda per cápita mensual maior do 100 por cento da pensión non contributiva e inferior ou igual ao 150 por cento da pensión non contributiva, pagarán 2 euros por menú que se sirva.

4.3 Usuarios con renda per cápita mensual maior do 150 por cento da pensión non contributiva e inferior ou igual ao 200 por cento da pensión non contributiva, pagarán 3 euros por menú que se sirva.

4.4 Usuarios con renda per cápita mensual superior ao 200 por cento da pensión non contributiva, terán que pagar 4 euros por menú que se sirva.

2. Para os efectos do previsto no apartado anterior, ten a consideración de renda a suma da parte xeral maila parte especial da base imponible, previas á aplicación do mínimo persoal e familiar do imposto sobre a renda de persoas físicas. A renda per cápita mensual será o resultado de dividir a renda anteriormente definida, entre os doce meses do ano e o número total de membros que conviven na vivenda familiar.

**Segundo:** As ordenanzas fiscais vixentes na actualidade non sinaladas nos acordos precedentes, continuarán vixentes ata que non se acorde a súa modificación ou derogación.

**Terceiro:** As citadas modificacións comezarán a aplicarse a partir do día 1 de xaneiro do ano 2008, e manteranse vixentes ata a súa modificación ou derogación expresa.

**Cuarto:** Expoñer ó público no taboleiro de anuncios do Concello os citados acordos provisionais, así como o texto completo das ordenanzas fiscais modificadas durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ó da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública da ordenanza, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto lexislativo 2/2004, poderán examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

**Quinto:** Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública procede adoptar, así como o texto das ordenanzas modificadas.

**4º.- Proposta de aprobación da modificación das ordenanzas núm. 22, 23 e 24 reguladoras de prezos públicos por actividades culturais, xuvenís e actividades deportivas de verán, e do acordo de establecemento de prezos públicos por actividades extraescolares.**

Vista a proposta do concelleiro delegado da Área de Facenda, Comercio e Emprego de data 17 de outubro de 2007.

Comeza a exposición don José Venancio Salcines Cristal manifestando que son cambios de carácter técnico, non económico.

Na n.º 22, modifícase a denominación da ordenanza e o artigo 4º, que é unha modificación técnica, xa que se trata de incorporar á ordenanza unha obriga legal.

Nas n.º 23 e 24 igual que na anterior.

En canto á modificación do acordo regulador do prezo público por actividades extraescolares municipais, hai unha redución da tarifa. Aínda que como pauta se trata de reducir o déficit, aquí incrementase porque, aínda que á Intervención municipal non lle gustou, politicamente é desexable.

Don Jaime Manuel López Lisnier, concelleiro delegado de Educación, Xuventude e Deportes, engade que nas actividades que se realizan durante os períodos vacacionais o número de participantes é inferior, quéixanse de que son caras, e do que se trata é de que haxa máis participantes.

Concedida a palabra á interventora municipal, expón que o concello estaba baixo as directrices marcadas polo Plan de equilibrio económico financeiro que esixía unhas medidas máis severas que aseguraran unha maior recadación, entre outros, dos tributos e prezos públicos municipais, e dicíase que estes servizos debían autofinanciarse. Con esta medida vaise en contra do plan, ao igual que con outras medidas das que se falou no punto anterior. Ó entrar agora a establecer bonificacións para fomentar o deporte de nenos, etc., non son as bonificacións a forma máis axeitada, hai outro tipo de actividade como a de fomento.

Conclúe que non ten nada máis que dicir, pero con estas medidas os ingresos son inferiores e para atender ás familias numerosas, etc., hai outras fórmulas, non se debe actuar á lixeira.

Don José Venancio Salcines Cristal conclúe que o único caso que vai en contra desta filosofía sería este.

A Comisión, en votación ordinaria, por dous votos a prol correspondentes aos concelleiros do PS de G-PSOE e EU-IU, e tres abstencións correspondentes aos concelleiros do PP, BNG e GM (PG), en aplicación do voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

**Primeiro:** Aprobar a modificación das ordenanzas e do acordo regulador de prezos públicos, que a continuación se relacionan:

I. Modificar as ordenanzas e o acordo regulador de prezos públicos segundo se transcribe a continuación:

- Ordenanza fiscal n.º 22 reguladora do prezo público por actividades culturais.

Modifícase a denominación da ordenanza fiscal quedando do seguinte modo:

“Acordo regulador do prezo público por actividades culturais”

Modifícase a alínea 1 do artigo 4º da presente ordenanza fiscal, quedando como segue:

**Artigo 4º.- Contía.**

1. A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a que fixe, en cada caso, o Pleno da corporación, ou en caso de delegación polo mesmo, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 47 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

O Pleno da corporación ou en caso de delegación polo mesmo, a Xunta de Goberno Local de acordo co artigo 44, apartado 2, do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo poderá fixar prezos públicos que non cubran o custo do servizo ou actividade prestado, dado que nestes casos concorren razóns sociais, culturais ou de interese público que así o aconsellen, ao perseguir con estas actividades a consecución do mandato establecido na Constitución española de promoción e tutela do acceso á cultura (artigo 44).

- Ordenanza fiscal nº 23 reguladora do prezo público por actividades xuvenís.

Modifícase a denominación da ordenanza fiscal quedando do seguinte modo:

“Acordo regulador do Prezo Público por Actividades Xuvenís”

Modifícase o artigo 4º da presente ordenanza fiscal, quedando como segue:

**Artigo 4º. - Contía.**

1. A contía do prezo público regulado nesta ordenanza determinarase aplicando as tarifas seguintes:

	<b>Concepto</b>	<b>Tarifa</b>
1	Saídas dun día	12,00 euros
2	Campamentos, aventuras, viaxes e saídas de máis dun día	15,00 euros/ día
3	Cursos (educación non formal)	
3.1	Duración ata 39 horas	20,00 euros
3.2	Duración entre 40 e 99 horas	100,00 euros
3.3	Duración entre 100 e 300 horas	170,00 euros
4	Suplementos	
4.1	Distancia ó lugar de destino superior a 300 Km	0,03 euros/ km
4.2	Aloxamento	10,00 euros/ noite

4.3	Alugueiro de material	5,00 euros/ día
4.4	Subministración de material para actividades	
4.4.1	Dun día	3,00 euros
4.4.2	De máis dun día	6,00 euros
4.5	Subministración de material para cursos	
4.5.1	Duración ata 39 horas	5,00 euros
4.5.2	Duración entre 40 e 99 horas	20,00 euros
4.5.3	Duración entre 100 e 300 horas	50,00 euros

2. A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a que fíxe, en cada caso, o Pleno da corporación, ou en caso de delegación polo mesmo, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 47 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

3. As cotas anteriores redúcense pola aplicación das seguintes bonificacións ou reducións:

a) As persoas empadroadas no municipio que acrediten formar familiar numerosa, o 50 por 100 da cota en cada actividade.

b) Cando se inscriban na mesma actividade máis dun integrante dunha unidade familiar, que figure empadroadada no municipio, o primeiro pagará o 100 por 100 da cota e os seguintes un 50 por 100 da cota.

c) As persoas que acrediten debidamente figurar nos rexistros do paro, así como os posuidores do “carné máis” e as persoas pertencentes ó voluntariado de Cambre terán unha bonificación do 30 por 100 da cota.

d) Os posuidores do “carné xove” ou “carné propio da omix”, así como os integrantes de asociacións xuvenís de Cambre que así o acrediten terán unha bonificación do 50 por 100 da cota.

e) As persoas que acrediten a súa falta de capacidade económica para o pagamento da tarifa correspondente segundo o informe dos Servicios Sociais do Concello de Cambre ó respecto, así como os menores ata catro anos inclusive, terán unha bonificación do 100 por 100 da cota.

4. Os beneficios fiscais regulados no apartado anterior, non serán de aplicación ós suplementos das tarifas establecidos no artigo 4º, que deberán ser aboados íntegramente polos usuarios.

5. Os participantes nas actividades que non figuren empadroados no municipio terán un suplemento do 25 por 100 da tarifa resultante.

- Ordenanza fiscal n.º 24 reguladora do prezo público por actividades deportivas de verán.

Modifícase a denominación da ordenanza fiscal quedando do seguinte modo:

“Acordo Regulador do Prezo Público por Actividades Deportivas de Verán”

Modifícase a alínea 1 do artigo 4 da presente ordenanza fiscal, quedando como segue:

**Artigo 4º.- Contía.**

1. A contía do prezo público regulado nesta ordenanza será a que fixe, en cada caso, o Pleno da corporación, ou en caso de delegación polo mesmo, a Xunta de Goberno Local, de acordo co artigo 47 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e co artigo 23 da Lei 7/1985, de 2 de abril..

O Pleno da Corporación ,ou en caso de delegación polo mesmo, a Xunta de Goberno Local de acordo co artigo 4 , apartado 2, do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo poderá fixar prezos públicos que non cubran o custo do servizo ou actividade prestado, dado que nestes casos concorren razóns sociais, culturais ou de interese público que así o aconsellen, ao perseguir con estas actividades a consecución dos mandatos establecido na Constitución española de fomento da educación física e o deporte , así como a adecuada utilización do ocio (artigo 43.3).

- Acordo regulador do prezo público por actividades extraescolares municipais.

Modifícase a alínea “Programa de actividades extraescolares en periodos vacacionais” do artigo 4º do presente acordo regulador, quedando como segue:

#### **Artigo 4º.- Contía.**

1. A contía do prezo público do Programa de Actividades Extraescolares determinarase aplicando as tarifas do cadro seguinte:

(.....)

<b>Tarifa por hora</b>	<b>Programa de actividades extraescolares en periodos vacacionais</b>	<b>Euros</b>
9.	Por hora de programa	1,00

II. Reenumerar as ordenanzas reguladoras de prezos públicos, quedando a numeración do seguinte xeito:

- Acordo regulador n.º 1.- Acordo regulador do prezo público por actividades culturais.
- Acordo regulador n.º 2.- Acordo regulador do prezo público por actividades extraescolares Municipais.
- Acordo regulador n.º 3.- Acordo regulador do prezo público por actividades deportivas de verán.
- Acordo regulador n.º 4.- Acordo regulador do prezo público por actividades xuvenís.

**Segundo:** Publicar para o seu xeral coñecemento no Boletín Oficial da Provincia segundo o disposto no artigo 59.6 a) da Lei 30/1992, de 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

**Terceiro:** O presente acordo de establecemento do prezo público entrará en vigor a partir do día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**5º.- Proposta da Alcaldía de nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados.**

Vista a proposta de Alcaldía de data 18 de outubro actual.

A Comisión, en votación ordinaria, por un voto a prol correspondente ao concelleiro do PS de G-PSOE, e catro abstencións correspondentes aos concelleiros do PP, BNG, EU-IU e GM (PG), en aplicación do voto ponderado, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

Primeiro: Nomear representante do Concello no consello escolar da escola de educación infantil de Sta. M<sup>a</sup> de Vigo, a don José Venancio Salcines Cristal.

Segundo: Designar como representante do Concello de Cambre ante a Asociación do grupo de acción local Proder II “Terra das Mariñas”, ao Sr. alcalde don Antonio Varela Saavedra, e como suplente ao concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego don José Venancio Salcines Cristal.

### **6º.- Rogos e preguntas.**

Non se presentaron rogos por escrito.

### **Preguntas do PP presentadas por escrito.**

1<sup>a</sup> Dende o grupo municipal popular solicítase información da unidade da Policía Local en referencia aos seguintes puntos.

- Número total de axentes que prestan o seu servizo na actualidade?
- Que número de axentes realiza as súas tarefas en cada quenda?
- Os servizos que realizan fanos en grupos de dous ou de xeito individual?

O Sr. alcalde contesta que o número de funcionarios é de vinte coa seguinte estrutura: 1 inspector xefe, 2 oficiais e 17 policía.

Respecto das quendas son as seguintes:

- Quenda da mañá: 1 oficial, 1 policía na unidade administrativa e 3 ou 4 policía de servizo na rúa.
- Quenda da tarde: 1 oficial, 1 policía na unidade administrativa e 4 policía de servizo na rúa.
- Quenda da noite: 2 policía.

Engade que lles dará unha copia dos informes que lle foi facilitado pola Policía Local.

2<sup>a</sup> Elaborouse un cuadrante de vacacións dos concelleiros do equipo de goberno? Se non é así, tense previsto confeccionalo e facilitar a información ao resto de membros da corporación?

O Sr. alcalde contesta que ata agora colleron días de vacacións dona Carmen Tato Lago, don Francisco Javier Varela Tejedor e el mesmo.

Don Francisco Javier Varela Tejedor engade que foi do 12 ao 22 de setembro.

Dona Carmen Tato Lago a pasada semana e engade que foi por un tema médico.

Don José Antonio Baamonde solicita que se faga unha comunicación interna ao resto dos grupos para que teñan coñecemento desta circunstancia.

### **Preguntas do BNG presentadas por escrito.**

1ª Que explicación pode dar o goberno local despois de ofrecer a casa da Concepción para a futura Área Metropolitana da Coruña?

Don José Venancio Salcines Cristal contesta que dende Patrimonio se estiveron vendo as posibilidades de uso do citado inmovible e estiveronse facendo xestións. Un posible uso era dedicalo a centro cultural, outro uso sería como potenciación empresarial e outro como sede da Área Metropolitana.

Sobre o primeiro uso existían algúns puntos débiles, ausencia de prazas de aparcamento, dificultade de acceso a pé e que o inmovible é pequeno.

En canto ao segundo uso puxéronse en contacto co director xeral da Cámara de Comercio, con don José Antonio Baamonde e don Nicolás José Cubeiro, por parte dos empresarios, e todos opinan o mesmo respecto da ausencia de prazas de aparcamento, dificultade de acceso a pé, distancia do polígono industrial, etc.

Engade que incluso traballaron a posibilidade de abrir na parte de abaixo un centro de hostalería para reducir gastos. Falaron tamén cun hostaleiro, e ve os mesmos problemas de aparcamento e acceso.

Tamén se estudou a posibilidade de ser sede administrativa da Área Metropolitana. Sinxelamente se enviou un escrito e cando se saiba algo se traerá aquí.

Conclúe dicindo que a noticia, tal como é na realidade, non é vendible, polo que os xornalistas puxérona así porque é máis vendible, pero o que se está a facer é valorar usos, estudar opcións, e cando se dispoña de todos os datos levarallo ao Sr. alcalde e despois se fará o que se estime conveniente.

Don Francisco Javier Varela Tejedor engade que quere deixar claro que non hai ningunha oferta do equipo de goberno. Trátase dunha de tantas xestións que se están facendo, ademais, son bens patrimoniais e, no seu caso, a traslación do dominio correspondería ao pleno ou ao órgano correspondente.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo formula a pregunta de se a noticia saiu de fontes municipais ou está orixinada no propio xornal, polo que, se non saiu de fontes municipais, debería mandarse unha aclaración ou rectificación.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito.**

Dado que coincide a pregunta presentada por EU-IU coa presentada polo BNG, don Luis Miguel Taibo Casás a dá por contestada, pero non está de acordo co manifestado pois di que houbo un ofrecemento explícito ao conselleiro de Presidencia, tal e como se desprende do escrito enviado no seu día, do que ten unha copia, e engade que lle parece unha lixeireza que se faga o ofrecemento cando non se contou con todos, sobre todo cando non están en maioría e non están sobrados de instalacións. Por exemplo, a asociación de veciños do Temple está solicitando locais. Poderíase dar múltiples usos, e cre que primeiro deberían ter falado e non botar globos ao ar.

Conclúe dicindo que para a vindeira vez non se chege a este extremo, e que se teña un pouco máis de diálogo.

Don José Venancio Salcines contesta que está encantado de que EU-IU queira entrar na xestión da súa área, pero considera que a obriga como concelleiro delegado da área é ver opcións para que os demais poidan elixir e non levar el as broncas porque o xornalista sacase a noticia así, e repite que el o que ten que facer é buscar opcións para elixir entre todos pois el votará como os demais.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que el non se vai meter no seu traballo pero si ten que fiscalizar, e dá lectura ao escrito enviado á Consellería de Presidencia, para concluír dicindo que segundo o escrito enviado si que fai un ofrecemento sen antes ter falado.

Don Francisco Javier Varela Tejedor manifesta que, á marxe do afortunado ou desafortunado das manifestacións, o que queda claro é que non foi unha decisión do equipo de goberno, senón do concelleiro delegado de Facenda, Comercio e Emprego coa Alcaldía para buscar solucións a ese edificio.

A continuación, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE ORDENACIÓN DO TERRITORIO, MEDIO AMBIENTE, OBRAS E SERVIZOS**

### **1º.- Aprobación, se procede do borrador da acta da sesión de data 25 de setembro de 2007.**

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 25 de setembro de 2007.

Non se formula ningunha, polo que, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, queda aprobada a acta de referencia.

### **2º.- Rogos e preguntas.**

#### **Rogos do PP presentados por escrito.**

1º Dende o grupo municipal popular, solicitamos o acondicionamento do contorno do adro da igrexa de Sigrás coa instalación de papeleiras e algún colector, así como o mantemento dos arredores sobre todo na parte posterior da igrexa.

Don José Venancio Salcines contesta que se estudará e se fará.

2º O grupo municipal popular solicita o acondicionamento da fonte das Telleiras no paseo fluvial do río Mero.

O Sr. alcalde contesta que este tema se informou e levouse a documentación ao enxeñeiro que levou a obra do río, non obstante, se non a reparan, farao o concello con cargo ao orzamento do vindeiro ano.

### **Rogos de EU-IU presentados por escrito.**

1º No camiño do Outeiro en Santa María de Vigo, o autobús do transporte escolar ten verdadeiros problemas para a súa circulación e para poder manobrar, polo mal estado do camiño, sobre todo en época de inverno.

Pregamos se estude a posibilidade de reparar o dito problema.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que se terá en conta no plan de mantemento de camiños.

2º As bandas sonoras que foron instaladas na estrada de Cambre a Pravio no lugar do Drozo, nas inmediacións da gardería infantil, están desaparecendo parte dos seus elementos, perdendo así boa parte da súa eficacia e mesmo podendo representar un risco engadido para a circulación rodada.

Pregamos que con urxencia se repongan os mencionados elementos.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que xa avisaron e nuns días estarán colocados.

3º O camiño que procede do Rocón cara a casa do concello, no seu último tramo, na confluencia co campo da feira pequeno, carece de sinal indicativa que prohiba a circulación rodada.

Pregamos se repare polos servizos do concello a dita deficiencia.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que se acepta.

4º Veciños/-as do Toural en Cambre, están preocupados polo desprendemento de pedras producido por un muro de cachotaría lindante co camiño, de non remedialo, as filtracións de auga poden producir o seu derrubamento total e ocasionar graves danos ás persoas que diariamente circulan pola zona.

Pregamos ao goberno municipal que con urxencia, requira a quen corresponda, a adopción das medidas necesarias, tanto de prevención como de reparación do devandito muro.

O Sr. alcalde contesta que se acepta.

### **Preguntas do PP presentadas por escrito.**

1ª A nosa Ordenanza de limpeza viaria está sendo respectada polos nosos veciños e asociacións, pero observamos que nas marquesiñas das paradas de autobuses se pegan carteis informativos de diferentes actos (festa, circo, concerto,...) todos eles pertencentes a empresas e firmas de fóra do noso municipio. Por iso, o grupo municipal popular, pregunta que medidas se están a tomar para erradicar estas actuacións e cantos expedientes se abriron polo incumprimento desta norma.

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que non todas son empresas de fóra, algunhas son de Cambre e a partir de agora se adoptarán as medidas previstas na Ordenanza de limpeza viaria.

2ª Despois de terse constituído a Comisión Especial para o AVE, o grupo municipal popular pregunta que xestións se realizaron ata esta data co Ministerio de Fomento para saber en que punto se atopan as alegacións presentadas no mes de febreiro ante esta administración.

O Sr. alcalde contesta que non hai constancia de ningún outro trámite despois do manifestado na comisión informativa.

Don José Antonio Baamonde di que no xornal saiu publicada a partida prevista para as obras.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que a partida existía xa o ano pasado e parece ser que a proposta do BNG é defender esa vía, pero están pendentes dunha reunión co director xeral de ferrocarrís para antes do 15 de novembro, xa que teñen pedida unha entrevista. Cando se produza, informarán.

3ª Varios foron os veciños do lugar de Cela que manifestaron as súas queixas polo mal olor proveniente dunha granxa porcina alí situada. Ante isto, o grupo municipal popular pregunta ao equipo de goberno se ten constancia deste feito e as medidas a adoptar para solucionar esta situación.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que non lle consta que existan reclamacións ao respecto.

O Sr. alcalde engade que hoxe veu velo un señor de Oleiros e parece ser que están facendo unhas obras. Mañá mandará que vaian velo.

Don José Antonio Baamonde pregunta, de xeito verbal, cantas antenas de telefonía móbil hai no concello e onde.

O Sr. alcalde contesta que o mirará en servizos e lle informará.

Don Luis Miguel Taibo Casás, de EU-IU, manifesta que presentou un escrito hai aproximadamente cinco meses pedindo o mesmo e non recibiu contestación.

Don José Antonio Baamonde pregunta sobre o contido dun escrito do que se deu conta na xunta de goberno local de 2 de outubro remitido pola Confederación Hidrográfica del Norte, en relación co proxecto de acondicionamento hidráulico do río Mero.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que cre que é un escrito no que comunicaban que se entregaba a obra á Consellería de Medio Ambiente. Engade que se ten pedido unha entrevista para ver os compromisos que van asumir cada un, xa que se pretende facer unha proposta de convenio tripartito. Daranlles unha copia.

### **Preguntas do BNG presentadas por escrito.**

1ª Por que aínda non se conectou ao saneamento aos veciños de Aián sen ter que esperar a poñer os sonados caudalímetros cando non hai ningún problema por parte do Concello de Culleredo?

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que están esperando o informe dos técnicos de Culleredo onde especifiquen as condicións de conexión, xa que no convenio que se asinou se dicía que antes da conexión sería necesaria a autorización dos técnicos de Culleredo. Pediuse e están agardando.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o alcalde de Culleredo lles dixo que se podía conectar.

Don Francisco Javier Varela Tejedor responde que o convenio di que non se pode conectar sen o informe dos técnicos de Culleredo onde digan as condicións de conexión, aínda que o alcalde dixera que están de acordo coa conexión deben seguir o previsto porque, ademais, quen vai facer a conexión é Gestagua.

2<sup>a</sup> Que xestións se fixeron dende os últimos vertidos á ría?

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que se encargou un estudo á universidade da Coruña e van analizar tres veces ao día os puntos de vertido á ría. Estarán presentes persoal do concello, un mariscador e a empresa.

O Sr. alcalde engade que tamén se vai facer un estudo ou análise sobre a posibilidade de renovación dos saneamentos do Temple e O Graxal.

3<sup>a</sup> Que tipo de seguimento se está a facer das obras da costa da Tapia?

Dona M<sup>a</sup> Beatriz Ramos Padín contesta que é unha obra da Xunta e están colaborando a policía local e os técnicos municipais.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo responde que hai insatisfacción por parte da xente que vive alí, e en canto aos medios municipais e colaboración prestada, só é en determinadas horas. Incluso algunhas persoas manifestáronlles que se senten desamparados porque non ven colaboración municipal, colocáronse valos e limitacións, pero non se vai por alí nada máis que en determinadas horas.

Don Francisco Javier Varela Tejedor contesta que hai un informe da policía que di que as obras non están provocando ningún tipo de retención, que a circulación discorre con normalidade. Tomarán nota, comprobarano e tratarase de paliar na medida do posible.

4<sup>a</sup> Sobre os recheos ilegais da Graveira do Barcés en Cecebre, cal é a situación legal a día de hoxe e que medidas hai pensadas dende o goberno local?

O Sr. alcalde contesta que cre que presentou un proxecto de mellora do medio, vai recubrir, a facer unha especie de xardín, etc., pero si é certo que están entrando camións. A policía esta a comprobalo.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo pide que queden rexistradas as denuncias.

5<sup>a</sup> Sobre o futuro viario dende o polígono de Espíritu Santo, de Lendoiro a Volteiro á estrada da Xunta planificado conxuntamente entre a deputación e o concello, cal é o estado actual de tramitación do expediente e do proceso de expropiación? Hai feito un estudo de impacto ambiental?

O Sr. alcalde contesta que o proxecto o leva a deputación. O concello non coñecía o proxecto e solicitou unha copia. Preocúpalles que non leve beirarrúas e falaron co presidente da deputación e van ver se as recollen.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito.**

1ª Na parroquia de Pravio, son moitas as persoas que diariamente teñen que atravesar a súa estrada preto do cruceiro, sobre todos nenos/-as para acudir ao colexio e parada de autobús. Ante as obras de mellora da seguridade viaria que se están a executar:

Ten previsto o concello sinalizar pasos de peóns e outro tipo de medidas complementarias co fin de garantir unha mellor seguridade para o tráfico rodado e peonil?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que hai que pedir autorización á Xunta e pediron para Pravio, San Roque e Sta. Mª de Vigo un estudo de seguridade viaria.

2ª En moitos lugares do concello o camiión de recollida de lixo ten verdadeiras dificultades para circular, motivado na estreiteza dos camiños, por tal motivo os veciños/-as teñen que desprazarse para depositar o lixo nos colectores para tal fin.

Ten previsto o goberno municipal algunha alternativa ou estudo para reparar esta deficiencia?

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que os camiños son estreitos e os veciños deberían ceder para ampliar eses camiños.

Don Luis Miguel Taibo Casás responde que antes había un camiión máis pequeno que cedera o concello precisamente para entrar por estes camiños, e o Consorcio debería dotarse dun camiión para este fin.

Dona Mª Beatriz Ramos Padín contesta que llo transmitirá ao Consorcio.

3ª No lugar de Amil en Cambre, estanse realizando obras de excavacións e movemento de terras, o que produce un considerable desnivel co camiño de acceso ao núcleo de poboación.

- Que tipo de obra en construción está previsto realizarse?
- Considera o goberno municipal suficientes as medidas preventivas e de seguridade establecidas?
- Cal é o motivo de non figurar o cartel coas características, relativo á obra en cuestión?

O Sr. alcalde contesta que ten licenza de obras para urbanizar. O cartel non o colocaron porque se coloca cando teña a licenza para a obra.

Comprobará se o valado é protección suficiente.

4ª Ante a polémica levantada en relación cos medios materiais cos que contan os grupos da oposición no concello para realizar as súas actividades. O grupo municipal de EU-IU fai a seguinte pregunta ao goberno:

- De que medios materiais e infraestruturas dispoñen ou dispuxeron os grupos municipais da oposición na presente lexislatura?

- A canto ascende o importe dos gastos económicos satisfeitos polo concello derivados da prestación dos mencionados medios?

Don Francisco Javier Varela Tejedor responde que contestarán por escrito.

Don Luis Miguel Taibo Casás contesta que deberían haber tido a deferencia de telo preparado.

Por último, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria correspondente á:

### **COMISIÓN INFORMATIVA DE EDUCACIÓN, BENESTAR SOCIAL, CULTURA, NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA E PARTICIPACIÓN CIDADÁ.**

#### **1º.- Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión de data 25 de setembro de 2007.**

O Sr. presidente pregunta se algún dos membros da Comisión Informativa ten algunha observación que formular ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 25 de setembro de 2007.

Non se formula ningunha, polo que, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, queda aprobada a acta de referencia.

#### **2º.- Proposta de modificación da Ordenanza reguladora das medidas de apoio á inserción socio-familiar para persoas que participen no Programa de intervención familiar.**

Don José Venancio Salcines Cristal pide desculpas pois non lle foi facilitada a ordenanza.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo solicita que, se ninguén a vai defender con rigor, se retire da orde do día.

Por unanimidade dos cinco concelleiros que compoñen a comisión acórdase retirar o asunto da orde do día.

#### **3º.- Rogos e preguntas.**

Non se presentaron rogos por escrito.

#### **Preguntas do PP presentadas por escrito.**

1ª Observouse que no recinto do colexio do Graxal se levantaron unhas pequenas bases de formigón. Ante isto, o grupo municipal popular pregunta por que se levantaron e cal é a súa finalidade.

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que son para colocar os módulos. Parece ser que a primeiros de mes estarán colocados.

### **Preguntas do BNG presentadas por escrito.**

1ª Logo das conversas co novo delegado de Educación:

- sobre a necesidade de novos centros escolares no termo municipal? Que propostas de colocación contemplan dende o goberno local?
- Como están os trámites para a construción do pavillón no CEIP Portofaro?
- Como están os trámites para a ampliación do CEIP do Graxal?

En canto á primeira parte da pregunta, e ante o manifestado na xunta de goberno local de 2 de outubro por don Jaime Manuel López Lisnier, dáse por contestada. En canto aos outros dous puntos, respecto do CEIP Porto Faro, don Jaime Manuel López Lisnier contesta que por parte da Delegación de Educación non hai ningún problema, a unidade técnica está iniciando a elaboración do proxecto. En canto ao Graxal, tamén están coa elaboración do proxecto.

2ª Que xestións se fixeron coa Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado para a instalación dos locais de ensaio gratuítos para os mozos en Cambre?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que están buscando unha situación axeitada para mandalo á Dirección Xeral.

3ª Por que o goberno local non puxo en marcha as actividades sociais?

Dona Carmen Tato Lago contesta que xa están preparadas as actividades e folletos. Houbo un lixeiro atraso pola falta de recursos humanos, xa que en vez dos catro técnicos de que dispón Servizos Sociais, dous deles están de baixa, e acábanse de cubrir agora esas baixas, polo que foi a coordinadora a que se puxo a traballar no prego de condicións. Ademais, engade, este ano tamén tiveron o problema da posta en marcha da Galescola. Conclúe dicindo que tampouco houbo tanto atraso, pois o ano pasado se iniciaron as actividades arredor do 23 de outubro, e este ano, para o día 30 deste mes se abren os sobres das ofertas polo que, tendo en conta o problema da Galescola e con dúas persoas menos traballando no departamento, a cuestión non é tan grave.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo contesta que o ano pasado as actividades empezaron cando estaba previsto.

### **Preguntas de EU-IU presentadas por escrito.**

1ª Ante o incumprimento da legalidade vixente por parte da Xunta de Galicia, en relación co problema ocasionado no colexio Wenceslao Fernández Flórez, motivado pola falta de persoal de cociña dende o comezo do comedor escolar.

Cales foron as xestións realizadas polo goberno municipal sobre o problema?

Don Jaime Manuel López Lisnier contesta que o concello o que fixo foi poñerse en contacto cos responsables dos comedores. Confirmáronlle que na semana seguinte mandarían persoal. Tamén llo comunicaron á dirección do centro e aos pais. Agardaron a semana seguinte a ver se era verdade, e así foi. Pouco máis se podía facer.

2ª Que información ten o goberno municipal sobre a apertura da Galescola da Barcala?

Dona Carmen Tato Lago contesta que agarda que sexa a vindeira semana. Só falta que o Consorcio devolva asinado o contrato do ascensor e que subministren o gas.

E non habendo máis asuntos que tratar, cando son as vinte e tres horas e quince minutos, levántase a sesión, e, a teor do establecido no artigo 134.1, alínea 5ª do Regulamento orgánico municipal, exténdese a presente acta única, que é asinada polos presidentes das Comisións Informativas, de todo o cal, eu, secretaria, dou fe.

Presidente da Comisión Informativa de  
Presidencia, Réxime Interior, Facenda e  
Promoción Económica

Presidente da Comisión Informativa de  
Ordenación do Territorio, Medio Ambiente,  
Obras e Servizos

Francisco Javier Varela Tejedor

Antonio Varela Saavedra

Presidente da Comisión Informativa de  
Educación, Benestar Social, Cultura,  
Normalización Lingüística e Participación  
Cidadá

Jaime Manuel López Lisnier

A secretaria

Mª Luisa de la Red Ampudia